



Praza número: 23/5006

Categoría: Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Docencia: 620G01005 Xogos e Recreación Deportiva

620G01012 Aprendizaxe e Control Motor

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Número de prazas: 1

Dedicación: Tempo Completo

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada,

Visto que as persoas concursantes que figuraban en primeiro e terceiro lugar non formalizaron o contrato correspondente.

Vistas as renuncias formuladas polas demais persoas propostas.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 126 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve **declarar concluído o procedemento e deserta a praza**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández